

Resolución do 22 de abril pola que se fixa a data das probas do proceso selectivo para ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría de Redactor/a, convocado o 31 de marzo de 2026

De conformidade co establecido na Base 7.1. da Convocatoria da proba para ampliación de listaxes de contratación temporal na categoría indicada,

RESOLVO

A data de realización das probas teórica e práctica, agás a de locución, será o día 28 de abril de 2026, nas aulas 5 e 6 da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (Campus Norte, Av. De Castelao, s/n, 15872, Santiago de Compostela, A Coruña), ás 12:00 h.

As persoas aspirantes deberán estar a esa hora na entrada das instalacións e presentar o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.

O presidente do tribunal
Alejandro López Carballeira